

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

### DEPUTACIÓN PROVINCIAL

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCÍONS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA*

#### A N U N C I O

O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016, acordou aprobar inicialmente a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, co obxecto de adaptar a normativa estatal e autonómica en materia de subvencións ás condicións de organización e funcionamento da Deputación.

Esta Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra aplicarase tanto ás subvencións que conceda a Deputación coma ás dos organismos ou entidades de dereito público que dependan dela.

En cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o acordo de aprobación inicial da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra someteuse a información pública, a través dun anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 213 de data 8 de novembro de 2016, polo prazo de trinta días hábiles, iniciándose dita exposición pública o día 9 de novembro de 2016 e finalizando o día 22 de decembro de 2016 (ambos inclusive).

Unha vez finalizado o período de exposición pública e ao non presentarse reclamacións, reparos ou observacións dentro do prazo mencionado, procedeuse a elevar automaticamente a definitivo o acordo de aprobación inicial da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

De conformidade co establecido no artigo 70.2, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, procédese a continuación a publicar o texto íntegro da devandita Ordenanza.



**ORDENANZA XERAL DE SUBVENCÍONS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA***Título preliminar. Disposicións xerais**Capítulo I. Ámbito de aplicación*

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación subxectivo

Artigo 2. Concepto de subvención

Artigo 3. Exclusiones do ámbito de aplicación

Artigo 4. Réxime xurídico das subvencións da Deputación

*Capítulo II. Disposicións xerais*

Artigo 5. Principios xerais

Artigo 6. Requisitos para o outorgamento das subvencións

Artigo 7. Plan estratéxico de subvencións

Artigo 8. Órganos competentes

Artigo 9. Persoas ou entidades beneficiarias

Artigo 10. Requisitos para obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria

Artigo 11. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias

Artigo 12. Publicidade das subvencións concedidas

Artigo 13. Garantías

*Título I. Procedemento de concesión das subvencións**Capítulo I. Procedemento de concesión*

Artigo 14. Procedemento de concesión das subvencións

Artigo 15. Normas comúns a todos os procedementos

Artigo 16. Modificación da resolución de concesión



*Capítulo II. Procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva*

Artigo 17. Iniciación

Artigo 18. Bases reguladoras da convocatoria

Artigo 19. Instrución

Artigo 20. Resolución

Artigo 21. Aceptación e reformulación das subvencións

*Capítulo III. Procedemento de concesión directa*

Artigo 22. Procedemento de concesión directa

*Capítulo IV. Procedemento de xestión, xustificación e pagamento das subvencións*

Artigo 23. Gastos subvencionables

Artigo 24. Xustificación das subvencións

Artigo 25. Prazo de xustificación

Artigo 26. Procedemento para a aprobación da xustificación

*Capítulo V. Procedemento de xestión orzamentaria*

Artigo 27. Procedemento de pago

Artigo 28. Deducións sobre o importe das subvencións por incumprimento de obrigas

*Título II. Do reintegro das subvencións**Capítulo I. Do reintegro*

Artículo 29. Reintegro ou perda do dereito a cobrar a subvención

Artigo 30. Procedemento de reintegro das subvencións



*Título III. Do control financeiro*

## Artigo 31. Control financeiro

*Título IV. Réxime sancionador*

## Artigo 32. Réxime sancionador

*Disposición transitoria.* Réxime aplicable a expedientes iniciados antes da entrada en vigor desta ordenanza

*Disposición derogatoria.* Derrogación normativa que contradiga ou se opoña ao disposto nesta Ordenanza

*Disposición final primeira.* Desenvolvemento normativo da Ordenanza

*Disposición final segunda.* Entrada en vigor

*TÍTULO PRELIMINAR. Disposicións xerais**CAPÍTULO I. Ámbito de aplicación**Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación subxectivo*

1.—Esta ordenanza ten por obxecto adaptar a normativa estatal e autonómica en materia de subvencións ás condicións de organización e funcionamento da Deputación.

2.—Esta Ordenanza aplicarase ás subvencións que concedan a Deputación e os seus organismos e entidades de dereito público dependentes desta.

*Artigo 2. Concepto de subvención*

1.—Enténdese por subvención para efectos desta ordenanza toda disposición de diñeiro realizada por calquera dos suxeitos contemplados no artigo anterior a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpran os requisitos previstos na Lei de subvencións e no seu Regulamento, tanto do Estado coma da Comunidade Autónoma.

2.—Tamén terán a condición de subvención as axudas en especie, é dicir, as entregas de bens, dereitos ou servizos que, sendo adquiridos ou producidos coa finalidade exclusiva de seren entregados a terceiros, cumpran os requisitos previstos nas letras a), b) e c) do artigo 2.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.



### Artigo 3. Exclusiones do ámbito de aplicación

1.—Non estarán comprendidos no ámbito de aplicación desta ordenanza os supostos aos que se fai referencia no artigo 4 da Lei xeral de subvencións e nos apartados 4 e 5 do artigo 2 do R.d. 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións.

2.—Así mesmo, quedan excluídas do réxime xurídico das subvencións e desta ordenanza:

a.—As subvencións impropias reguladas pola lexislación tributaria ou sectorial aplicable.

b.—As subvencións outorgadas aos concesionarios de obras ou servizos.

c.—As axudas ou auxilios para atender necesidades perentorias de carácter social.

d.—As subvencións concedidas por outras administracións cando a Deputación actúe como entidade colaboradora.

e.—As achegas da Deputación destinadas a financiar os seus organismos e entidades dependentes e as cotas de socio ou membro das entidades, organismos ou asociacións das que sexa membro.

f.—Os anticipos concedidos a favor das entidades ás que a Deputación lles preste o servizo de recadación de tributos e outros ingresos de dereito público.

g.—As dotacións económicas asignadas aos grupos políticos da Corporación.

h.—Os convenios celebrados entre administracións públicas que comporten unha contraprestación a cargo da entidade ou persoa beneficiaria.

i.—Os convenios celebrados entre administracións públicas aos que fai referencia o artigo 47 da Lei 40/15, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou a canalización das subvencións xestionadas referidas no artigo 86 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria, así como os convenios nos que as administracións públicas que os subscriben teñan competencias compartidas.

3.—Esta ordenanza xeral só terá carácter supletorio con respecto á correspondente normativa específica nos seguintes casos:

a.—Subvencións concedidas ou financiadas con fondos europeos ou doutras administracións públicas, que se rexerán en primeiro lugar pola normativa ou condicións establecidas pola administración que financie, total ou parcialmente, a subvención. No caso de que a citada normativa non regule a forma de outorgar a subvención resultará de aplicación esta ordenanza xeral.



b.—Subvencións impostas en virtude de norma legal.

c.—Subvencións que integran plans ou instrumentos que teñan por obxecto levar a cabo funcións de asistencia e cooperación municipal, que quedan suxeitas á súa regulación específica.

d.—Os premios educativos, culturais, científicos ou de calquera outra natureza concedidos pola Deputación, que se rexerán pola réxime previsto nas normas reguladoras da súa convocatoria, que deberá axustarse ao contido desta ordenanza, salvo naqueles aspectos nos que, pola especial natureza das subvencións, non resulte aplicable, en tanto non se produza o desenvolvemento regulamentario previsto na DA 10ª da LXS.

#### *Artigo 4. Réxime xurídico das subvencións da Deputación*

As subvencións que outorgue a Deputación e, no seu caso, os organismos dependentes réxense pola seguinte normativa:

a.—Lei xeral de subvencións, nos artigos de carácter básico e na súa normativa tamén básica de desenvolvemento.

b.—Lei de subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

c.—Artigos non básicos da LXS e normativa de desenvolvemento.

d.—Lexislación de réxime local estatal e autonómica.

e.—Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

f.—Bases de execución do orzamento, sobre todo nos aspectos orzamentario e contable.

g.—Convocatorias e bases reguladoras destas.

h.—Actos administrativos ditados polos distintos órganos da Deputación.

### *CAPÍTULO II. DISPOSICIÓN XERAIS*

#### *Artigo 5. Principios xerais*

1.—A Deputación e os seus organismos dependentes concederán as subvencións segundo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación e atendendo aos criterios de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados ao establecelas e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.



2.—A Deputación, dentro do ámbito das súas competencias, poderá establecer programas ou plans de axudas ou subvencións, sobre todo tipo de finalidades, sempre que sexan de utilidade pública, interese social ou de promoción pública e se considere que é a forma máis eficiente de acadar os seus obxectivos.

3.—A Deputación e as entidades que dela dependen quedarán exentas de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que derive das actuacións ás que queden obrigadas as persoas ou entidades subvencionadas.

#### *Artigo 6. Requisitos para o outorgamento das subvencións*

1.—A concesión de subvencións por parte da Deputación e os organismos dependentes esixe que, con carácter previo, se cumpran os seguintes requisitos:

a.—Aprobar, no seu caso, o plan estratéxico de subvencións ao que se fai referencia no artigo seguinte.

b.—Aprobar as normas que se establezan nas súas bases reguladoras.

c.—Publicar as bases reguladoras, unha vez aprobadas, remitíndoas xunto coa convocatoria á BDNS para a súa publicación na mesma BDNS e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

2.—Adicionalmente, o outorgamento de subvencións debe cumprir tamén, entre outros, os seguintes requisitos esenciais:

a.—Competencia do órgano que a concede.

b.—Existencia de crédito adecuado e suficiente.

c.—Tramitación do correspondente expediente de concesión de acordo coas normas que resulten de aplicación.

d.—Fiscalización previa dos actos administrativos de contido económico, nos termos previstos na normativa de aplicación.

e.—Aprobación do gasto por parte do órgano competente.

3.—Os acordos ou resolucións polos que se aprobe a convocatoria ou polos que se outorguen directamente estas deberán definir claramente o obxecto e a finalidade da subvención.



### Artigo 7. Plan estratéxico de subvencións

1.—De conformidade co disposto na normativa e regulación das subvencións a Deputación, con carácter anual e previo ás distintas convocatorias e concesións, aprobará un plan estratéxico de subvencións destinado a concretar os obxectivos, as directrices e os efectos que se pretenden, os custos previsibles e as fontes de financiamento, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

2.—O contido do plan estratéxico poderá limitarse á elaboración dunha memoria explicativa dos obxectivos, aos custos de realización e ás súas fontes de financiamento, cando se trate de subvencións de escasa relevancia económica ou social como instrumento de intervención pública.

3.—Non será necesario elaborar o plan estratéxico naquelas subvencións cuxos obxectivos son colaborar no financiamento de entidades de carácter social, cultural ou deportivo, para que poidan seguir realizando as súas actividades. Así mesmo, non será necesario facelo nos plans ou programas de axudas que non acaden a cifra anual de 1.000.000,00 de euros, nin no caso dos plans de cooperación e axudas ós concellos .

### Artigo 8. Órganos competentes

1.—A orde de inicio dos procedementos de concesión de subvencións efectuaráas o deputado que teña delegadas as atribucións na área de xestión á que compete a subvención, de acordo coa súa finalidade e aplicación orzamentaria.

2.—Correspóndenlles ao Pleno e á Presidencia da Corporación, no ámbito das súas atribucións, outorgaren as subvencións, sen prexuízo das delegacións que poidan efectuarse a favor desta última, da Xunta de Goberno provincial ou doutros deputados, así como do previsto respecto diso nas bases de execución do orzamento.

3.—As convocatorias de subvencións e as bases reguladoras en réxime de concorrencia competitiva indicarán os órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.

### Artigo 9. Persoas ou entidades beneficiarias

1.—Terá a consideración de beneficiaria das subvencións a persoa que teña que realizar a finalidade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexitime a súa concesión.





2.—Terán igualmente a consideración de beneficiarias ou beneficiarios as e os membros asociados das persoas a que se refire o apartado anterior que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das finalidades que fundamentan a concesión da subvención, salvo que a convocatoria da subvención prevea expresamente o contrario ou o seu obxecto resulte incompatible.

3.—Poderán acceder á condición de beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención, sempre que non exista disposición en contra na convocatoria ou non fose incompatible co obxecto da subvención convocada. Nestes casos deberá nomearse a unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, lle corresponden á agrupación.

#### *Artigo 10. Requisitos para obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria*

1.—Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas ou entidades nas que non concorran as condicións establecidas na normativa estatal e autonómica sobre subvencións, agás que, pola natureza da subvención, se poida exceptuar nas bases de execución do orzamento ou nas específicas da convocatoria.

2.—Ademais de dar cumprimento ás obrigas tributarias (co Estado e a Comunidade Autónoma) e coa Seguridade Social, será necesario tamén dar cumprimento ás obrigas de calquera clase coa Deputación, na data da publicación da convocatoria, no suposto de subvencións en concorrencia, ou no momento de presentar a solicitude no rexistro, no caso de concesión directa. A acreditación de estar ao corrente das obrigas coa institución provincial corresponderá incorporala mediante unha certificación de Intervención–Ingresos. O certificado provincial terá un período de validez de seis meses.

3.—Non se concederá subvención ningunha ata tanto non se xustifiquen (é dicir, nos prazos establecidos), subvencións anteriores pagadas anticipadamente.

4.—A acreditación do cumprimento dos requisitos legais e regulamentarios poderá realizarse mediante testemuño xudicial, certificados administrativos, segundo os casos, e poderá substituírse por unha declaración responsable da persoa ou entidade solicitante nos casos que proceda.

5.—Poderá crearse un rexistro provincial de solicitantes de subvencións no que poderán inscribirse voluntariamente as persoas ou entidades solicitantes de subvencións, achegando a documentación acreditativa da súa personalidade e capacidade de obrar, así como, no seu caso, a que acredite a representación de quen actúe no seu nome.



Os certificados expedidos polos devanditos rexistros eximirán de presentar, en cada convocatoria concreta, os documentos acreditativos dos requisitos apuntados no apartado anterior, sempre que non se producisen modificacións ou alteracións que afecten aos datos inscritos.

6.—Nas bases reguladoras de cada convocatoria de subvencións determinaranse os requisitos específicos que deben reunir as persoas ou entidades solicitantes para participar no procedemento correspondente, de acordo co seu obxecto.

7.—Nas bases da convocatoria poderán especificarse aqueles documentos que poidan ser substituídos por unha declaración responsable da persoa solicitante solicitante. Neste caso, requirirase, con anterioridade á proposta de resolución, a presentación da documentación na que se acredite a realidade dos datos contidos na citada declaración, nun prazo de 15 días.

8.—En todo caso, a presentación da declaración responsable substituirá a presentación das certificacións previstas nos apartados anteriores nos seguintes casos:

a.—As subvencións que se concedan a mutualidades do funcionariado, colexios de orfos e entidades similares.

b.—As bolsas e demais subvencións concedidas ao alumnado e a persoas que rematasen os seus estudos para, entre outros fins, adquirir experiencia laboral.

c.—As bolsas e demais subvencións concedidas a investigadoras e investigadores nos programas de subvencións destinados a financiar proxectos de investigación.

d.—Aquelas nas que a contía para outorgar a cada persoa beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.

e.—As que, por concorreren circunstancias debidamente xustificadas, derivadas da natureza, réxime ou contía da subvención, estableza o órgano competente desta Deputación nas bases de execución do orzamento ou reguladoras da convocatoria.

f.—As subvencións outorgadas ás administracións públicas así como aos organismos, entidades públicas e fundacións do sector público dependentes daquelas, salvo previsión expresa en contrario nas bases reguladoras da subvención.

g.—As subvencións destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social e cooperación internacional que se lles concedan a entidades sen fins lucrativos, así como a federacións, confederacións ou agrupacións destas.

h.—Aqueloutras que se determinen no réxime xurídico xeral aplicable ás subvencións da Deputación.



9.—Nos casos en que as bases reguladoras da concesión requiran achegar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos tras a concesión ou a aceptación expresa da resolución de concesión, estas deberán producirse no prazo que fixen as bases reguladoras ou, na súa falta, no de quince días seguintes á notificación ou, no seu caso, publicación da resolución. Cando a persoa interesada non o fixese dentro do prazo referido a resolución ditada perderá a súa eficacia, acordándose o arquivo con notificación ás persoas interesadas.

10.—Cando a beneficiaria sexa unha entidade local e non poida acreditar que non ten débedas coa Deputación, tal requisito pode substituírse polo que se estableza nas bases de execución do orzamento, nas que se poderá regular a forma de compensar estas débedas.

#### *Artigo 11. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias*

1.—As persoas ou entidades beneficiarias das subvencións deberán cumprir as obrigas esixidas polo réxime xurídico das subvencións que resulte de aplicación, especialmente as seguintes:

a.—Realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, así como presentar en forma e prazo a xustificación.

b.—Levar a cabo as medidas de difusión nos termos establecidos nas bases da convocatoria, tanto na súa forma coma en prazo, e deberán ter a mesma relevancia que as medidas de difusión realizadas para outros entes cofinanciadores da finalidade subvencionada. Só se excluirán desta obriga as subvencións nas que, pola súa natureza, a publicidade poida ser contraria ao respecto e salvagarda da honra, a intimidade persoal e familiar das persoas físicas e aquelas outras nas que, pola súa imposibilidade material, se xustifique a súa exención na convocatoria.

c.—As persoas ou entidades beneficiarias deben pagar os seus acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Non obstante, as persoas ou entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán pagar unha vez cobren a subvención, debendo realizar o pagamento no prazo máximo dun mes desde que se produza este cobro.

d.—As persoas ou entidades beneficiarias deberán pagar preferentemente por medio de entidades financeiras. O pagamento por medio de instrumentos de entidades financeiras será obrigatorio nos seguintes casos:

i.—Pagamentos que superen o importe que se fixe nas bases reguladoras das convocatorias

ii.—Cando a persoa ou entidade beneficiaria non conte con contabilidade. Neste caso só se terán en conta para efectos de xustificación os gastos pagados deste xeito.



2.—Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS, as persoas ou entidades beneficiarias terán que:

a.—Comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade subvencionada co obxecto de que, de estimarse con suficiente anterioridade, poida modificarse tanto o contido e a contía da finalidade subvencionada coma a súa forma e prazos de execución e mais a xustificación dos correspondentes gastos.

b.—Comunicar cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada, caso no que o importe da subvención deberá ser obxecto de modificación.

#### *Artigo 12. Publicidade das subvencións concedidas*

1.—Deberá remitirse información das subvencións concedidas á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade.

2.—Todas as subvencións concedidas, incluídas as concedidas mediante convenio, serán publicadas tanto no BOPPO coma na páxina web nada máis concederse, e o cumprimento da mencionada publicación recollerase no informe de xustificación da subvención emitido polo servizo correspondente, no que se indicarán a data de publicación e o número de BOPPO. Nesta publicación deberán expresarse:

a.—A convocatoria e a identificación das subvencións

b.—O programa e o crédito orzamentario aos que se imputen

c.—A existencia de financiamento con cargo a fondos europeos e, no seu caso, a porcentaxe de financiamento

d.—Nome e razón social da persoa ou entidade beneficiaria, NIF, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida. No caso de subvencións plurianuais, o importe total concedido e a distribución por anualidades.

3.—Non será necesaria a publicación da concesión das subvencións nos seguintes supostos:

a.—Cando as subvencións públicas teñan asignación nominativa no orzamento xeral.

b.—Cando o seu outorgamento e contía, a favor da persoa ou entidade beneficiaria concreta, resulten impostos en virtude de norma de rango legal.



c.—Cando a publicación dos datos da persoa ou entidade beneficiaria da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda da honra, á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e se prevexa na súa normativa reguladora.

### *Artigo 13. Garantías*

1.—Procederá a constitución de garantías nos supostos nos que as bases reguladoras así o dispoñan.

2.—As bases reguladoras da subvención poderán esixir a constitución de garantías:

a.—Nos procedementos de selección de entidades colaboradoras.

b.—Cando se prevexa a posibilidade de realizar pagos a conta ou anticipados.

c.—Cando se considere necesario para asegurar o cumprimento dos compromisos asumidos polas persoas ou as entidades beneficiarias e entidades colaboradoras.

d.—O importe da garantía determinarase nas bases reguladoras e constituirase nalgunha das formas que regula a lexislación contractual das administracións públicas.

## *TÍTULO I. Procedemento de concesión das subvencións*

### *CAPÍTULO I. Procedementos de concesión*

### *Artigo 14. Procedementos de concesión das subvencións*

1.—As subvencións poderán concederse en réxime de concorrencia competitiva, concorrencia non competitiva ou directamente.

2.—Terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realiza pola comparación entre as solicitudes presentadas co fin de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e concédenselles co límite fixado na convocatoria, dentro do crédito dispoñible, a aquelas solicitudes que obteñan unha maior valoración en aplicación dos criterios de valoración.

3.—Excepcionalmente, sempre que así se prevexa nas bases reguladoras da convocatoria, o órgano competente poderá proceder ao rateo, entre as persoas ou entidades beneficiarias da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións.



### Artigo 15. Normas comúns a todos os procedementos

1.—A finalidade subvencionable debe quedar perfectamente definida, tanto o obxecto da subvención coma o detalle do orzamento (conceptos, unidades e prezos), sendo esencial, ademais da súa execución, que se leve a cabo na forma e condicións que previamente se establecesen.

2.—Con carácter previo á convocatoria da subvención ou á súa concesión directa, deberá acreditarse a existencia de crédito suficiente mediante certificación expedida por Intervención (documento RC).

3.—A convocatoria constituirá o acto de autorización do gasto na aplicación correspondente, e a resolución, convenio ou acordo de concesión o compromiso do devandito gasto.

4.—As solicitudes de subvención poderán presentarse en calquera dos rexistros previstos na normativa das administracións públicas e do procedemento administrativo e deberán conter unha declaración relativa a outras subvencións concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

Ás solicitudes xuntaranse os documentos e a información determinados nas bases reguladoras da convocatoria.

Na solicitude deberase especificar se o IVE que se soporta nos gastos é deducible.

A presentación da solicitude de subvención levará a autorización da persoa solicitante para que o/a instrutor/a obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias (co Estado, a Comunidade Autónoma e a Deputación) e de seguridade social. Non en tanto, a persoa solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo achegar entón a certificación nos termos previstos nos apartados anteriores.

Se a solicitude non reunise os requisitos esixidos ou non se achegasen os documentos preceptivos, requirirase ao interesado para que, no prazo de dez días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa indicación de que se así non o fixese se terá por desistido da súa petición.

5.—No caso de obras de máis de 50.000,00 euros, deberase achegar unha reportaxe fotográfica do estado actual e, no caso de estimarse necesario, un informe previo dos servizos técnicos provinciais, co fin de poder verificar posteriormente a realización do investimento. Non será obrigatorio no caso de que a persoa solicitante sexa unha administración pública.



6.—Os actos de concesión de subvencións (acordo, resolución ou convenio) terán, no caso de programas que se concedan sen normas reguladoras ou mediante concesión directa, o carácter de bases reguladoras da subvención e deberán incluír, como mínimo, os seguintes extremos:

a.—Determinación do obxecto, finalidade e persoa/s beneficiaria/s da subvención.

b.—Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía individualizada de seren varias persoas beneficiarias.

c.—Compatibilidade con outras subvencións, axudas, etc..

d.—Prazo de realización ou execución da finalidade.

e.—Prazo e forma de xustificación da realización da finalidade subvencionada e da aplicación dos fondos; este prazo non poderá ser superior a tres meses dende a finalización do prazo de realización ou execución da finalidade obxecto de axuda.

f.—Prazos e modos de pagamento da subvención, posibilidade de pagos anticipados, réxime de garantías.

g.—No caso de subvencións por importe superior a 50.000,00 euros, para bens inventariables (adquisición, construción, rehabilitación e mellora) recollerase o período durante o cal se destinarán os ditos bens ao fin para o que se concede a subvención, que non poderá ser inferior a cinco anos no caso de bens inscribibles nun rexistro público, nin a dous anos para o resto de bens.

h.—O importe dos gastos que se poden pagar en efectivo e o prazo límite para pagar os gastos realizados na finalidade subvencionada.

i.—Requisitos esenciais que se esixirán no control financeiro que, no seu caso, se faga.

7.—Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na lexislación de contratos do sector público para os contratos menores, a persoa beneficiaria deberá acreditar a solicitude de tres orzamentos preferiblemente antes da concesión. En casos especiais debidamente xustificadas poderase admitir que os presenten no momento da xustificación da subvención, xunto coa motivación da adxudicación que se faga, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que poidan realizar o obxecto do contrato ou agás que o gasto se teña feito con anterioridade á solicitude da subvención, extremo que deberán xustificar adecuadamente na fase de



concesión ou xustificación. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

8.—Se o importe da subvención provincial supera os 100.000 € no caso de obras ou 50.000 € no resto de contratos a contratación con terceiros para a execución total ou parcial das finalidades ou investimentos realizarase segundo as normas de aplicación á contratación das administracións públicas, coas adaptacións que se entendan razoables, mediante convocatoria pública e cun único criterio, o prezo (SUBHASTA). Esta norma non lles será de aplicación ás administracións públicas.

9.—O importe da subvención expresarase, sempre que a natureza desta o admita, en termos absolutos e en tanto por cento en relación co gasto ou custo total da finalidade subvencionada.

#### *Artigo 16. Modificación da resolución de concesión*

1.—Salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a persoa ou entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos os prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou axuda pública.

2.—A solicitude de modificación deberá estar suficientemente xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras da concesión.

3.—En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.

4.—O acto polo que se acorde a modificación da resolución de concesión da subvención será adoptada polo órgano que a concedeu, previa instrución do correspondente expediente no que, xunto á proposta razoada do órgano instrutor, se acheguen os informes pertinentes e, segundo o caso, a solicitude ou as alegacións da persoa beneficiaria, sen que poida significar dano aos dereitos de terceiros.





*CAPÍTULO II. Procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva**Artigo 17. Iniciación*

1.—A concesión de subvencións con consignación global no orzamento realizarase preferentemente polo procedemento de concorrencia competitiva.

2.—A concesión polo procedemento de concorrencia competitiva iniciárase sempre de oficio e requirirá a aprobación das normas que regulen a súa concesión.

3.—A aprobación das bases reguladoras da convocatoria é competencia do órgano ao que lle corresponda a autorización do gasto, de acordo co previsto nas bases de execución do orzamento.

A convocatoria e as súas bases ou normas reguladoras poden ser aprobadas anticipadamente, e deberá recollerse nelas que a súa vixencia (eficacia) queda condicionada á existencia de crédito no orzamento do exercicio seguinte. En ningún caso a convocatoria anticipada xerará ningún dereito a favor das persoas ou entidades solicitantes mentres non se lles notifique ou, no seu caso, publique a súa concesión.

4.—As convocatorias e as bases, unha vez aprobadas, remitiranse á BDNS para a súa publicación na propia BDNS e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, ademais de se publicaren na páxina WEB para dar cumprimento á normativa de transparencia.

*Artigo 18. Bases reguladoras da convocatoria*

1.—As bases específicas regularán como mínimo os seguintes extremos:

a.—Obxecto, condicións e finalidade do programa de subvención.

b.—Crédito ao que se impute o programa de subvencións.

c.—Requisitos que deben cumprir os solicitantes e forma de acreditarlos.

d.—Importe máximo das subvencións e porcentaxe destas respecto ao custo, se a natureza da subvención o admite.

e.—Documentos e informacións que deben xuntarse á petición, establecendo, no seu caso, os documentos que poden ser substituídos por unha declaración responsable para a súa presentación posterior segundo o disposto nesta ordenanza.

f.—Compatibilidade con outras subvencións ou axudas.

g.—Indicar se é posible ou non reformular as solicitudes.



h.—Criterios obxectivos de outorgamento da subvención e, no caso de ser preciso, ponderación destes.

i.—Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.

j.—Establecer as medidas de difusión que debe adoptar a persoa beneficiario, que deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración.

k.—Prazo para presentar as solicitudes.

l.—Prazo para o seu outorgamento, que non ha de exceder de seis meses desde a finalización do prazo para presentar as solicitudes. Indicación do silencio administrativo negativo.

m.—Prazo para realizar a finalidade subvencionada, que, na medida do posible, debería ser dentro do exercicio.

n.—Prazo para xustificar os fondos percibidos a xustificar no caso de pagos anticipados.

o.—Prazo ou termo para xustificar a subvención, que non debería ser superior a tres meses dende a finalización do prazo de realización da finalidade e, no seu caso, posibilidade de concesión de prórroga.

p.—Forma de xustificación por parte da persoa ou entidade beneficiaria do cumprimento da finalidade e da aplicación dos fondos que se concedan.

q.—Que a presentación da solicitude supón a autorización da persoa solicitante para obter de forma directa polo servizo instrutor a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias (co Estado, a Comunidade Autónoma e a Deputación) e coa Seguridade Social, podendo a persoa ou entidade solicitante denegar expresamente o consentimento.

r.—Acreditar a titularidade ou os acordos de cesión de uso dos bens nos que se van facer investimentos e o compromiso de mantelos afectos á finalidade para a que se solicita a subvención no período mínimo legal ou o que se estableza nas bases reguladoras.

s.—Indicar que a resolución pon fin á vía administrativa.

t.—A obriga de pagar por medio de entidade financeira os gastos que superen o importe que se sinala nas bases de execución do orzamento.

u.—Sinalar que non se considerarán subvencionables os gastos que non se paguen mediante entidade financeira daquelas entidades solicitantes da axuda que non contan con contabilidade.



v.—Indicaranse os requisitos esenciais do control financeiro.

2.—Ademais deste contido básico poderanse recoller nas bases reguladoras da convocatoria, entre outras, as seguintes cuestións:

a.—Si se aplicarán ou non deducións sobre o importe da subvención por incumprimentos das condicións impostas coa concesión.

b.—Criterios de gradación das posibles deducións para practicar sobre o importe da subvención. Estes criterios resultarán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente teña que percibir a persoa ou entidade beneficiaria ou, no seu caso, o importe para reintegrar, e deberán responder ao principio de proporcionalidade.

c.—Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución.

d.—Se se admite ou non e en qué porcentaxe a imputación de gastos xerais de funcionamento en cada actividade subvencionada. Así mesmo, se se permite a imputación dos gastos aos que se fai referencia no artigo de gastos subvencionables.

e.—Establecer un importe e/ou porcentaxe máximo de subvención.

f.—Establecer unha porcentaxe de desviación máxima no custe dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado (que non debe superar o 20%).

g.—Indicar o medio (diario oficial) onde se efectuará a publicación das resolucións e actos administrativos que lles deban notificar ás persoas interesadas, no seu caso.

h.—Outros aspectos que se consideren de interese.

### *Artigo 19. Instrución*

1.—A instrución do procedemento de concesión de subvencións será realizada polo xefe ou xefa do servizo ao que lle corresponda a aplicación orzamentaria con cargo á que se financian os distintos programas de subvencións, agás que nas bases reguladoras da convocatoria se designe a outro.

2.—A instrución do procedemento de concesión comprenderá as seguintes actividades ou fases:

a.—Unha vez presentadas as solicitudes realizarase o estudo e a súa comprobación por parte do servizo instrutor.



b.—O xefe do servizo ten a condición de órgano instrutor. As actividades do instrutor comprenderán:

b.1. Petición de informes; o prazo de emisión será de 10 días, salvo que se autorice un maior. Se o órgano instrutor o considera necesario, sobre todo no caso de investimentos, poderá solicitar un informe dos servizos técnicos provinciais para comprobar o estado actual e posteriormente poder verificar a realización e valoración do investimento ou finalidade subvencionada.

b.2. Informe – proposta da xefa ou xefe de servizo no que se fará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de concesión, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación e sinalando a subvención que lles corresponde a cada un deles. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns das desestimacións.

3.—Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe–proposta.

4.—Estudo do informe – proposta por parte da comisión de avaliación que se determine nas bases reguladoras da convocatoria.

5.—En ausencia de regulación nas bases da convocatoria correspondente á Comisión de avaliación estará composta por:

a.—Presidente/a: o da Corporación ou o deputado en quen delegue

b.—Vogais: o deputado delegado do Servizo, un deputado por cada Grupo Político constituído na Corporación, o xefe ou xefa de Servizo ou responsable do Centro xestor do gasto, o/a responsable das funcións de intervención ou funcionario/a en quen delegue.

c.—Secretario/a: o/a funcionario/a en quen delegue o/a xefe/a do Servizo

6.—Proposta de resolución provisional. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión, formulará a proposta de resolución provisional debidamente motivada.

7.—Nas bases reguladoras da convocatoria poderase establecer a notificación da proposta de resolución provisional e concederese un prazo de 10 días para presentar alegacións. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas na súa solicitude. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.



8.—Proposta de resolución definitiva. Examinadas as alegacións presentadas, no seu caso, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a persoa solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía. Tamén recollerá as solicitudes rexeitadas e os motivos do rexeitamento.

9.—Notificación da proposta de resolución definitiva. Nas bases reguladoras da convocatoria poderase establecer a notificación da proposta de resolución definitiva cando se conceda un importe menor ao solicitado, sempre que se admita a reformulación ou modificación.

10.—As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún a favor da persoa beneficiaria proposta fronte á Administración, mentres non se lle notifique a resolución de concesión.

#### *Artigo 20. Resolución*

1.—Unha vez aceptada, no seu caso, a proposta de resolución definitiva, o órgano competente resolverá o procedemento.

2.—No caso de que non sexa necesario notificar as propostas de resolución provisional ou definitiva, a proposta que faga a persoa instrutora, unha vez feito o informe ou ditame da comisión de avaliación, será a definitiva.

3.—A resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención debendo, en todo caso, quedar acreditados no procedemento os fundamentos da resolución que se adopte.

4.—A resolución, ademais de conter a persoa solicitante ou a relación de persoas solicitantes ás que se lle/s concede subvención, fará constar, no seu caso, de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes.

5.—Prazo máximo para resolver e notificar. A resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo maior ou así veña previsto na normativa da Unión Europea. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que a mesma pospoña os seus efectos a unha data posterior.

O vencemento do prazo máximo sen se lles ter notificado a resolución lexítima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.



### *Artigo 21. Aceptación e reformulación*

1.—Salvo que no acordo, convenio ou resolución de concesión se estableza outra cousa, as subvencións concedidas entenderanse aceptadas se as persoas beneficiarias non se opoñen ou a rexeitan expresamente no prazo de dez días contados desde a súa notificación.

2.—A Deputación, cando o importe da subvención proposta sexa inferior á que figure na solicitude presentada, por razóns xustificadas, poderá instar á persoa solicitante, se así se prevé nas bases reguladoras, a reformulación da solicitude presentada para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable. A nova subvención terá que aprobala o órgano competente e, en todo caso, terá que respectar o obxecto, criterios de valoración e demais requisitos previstos nas bases reguladoras do programa de subvencións.

Se a Deputación lle propón á persoa solicitante a reformulación da súa solicitude e non contesta no prazo que se lle outorgue manterase a solicitude inicial.

### *CAPÍTULO III. Procedemento de concesión directa*

#### *Artigo 22. Procedemento de concesión directa*

1.—O Procedemento de concesión directa de subvencións realizarase de acordo coas normas xerais dos procedementos administrativos iniciados a solicitude da persoa interesada.

Para tales efectos, o procedemento entenderase iniciado desde a data en que a correspondente solicitude teña entrada no rexistro xeral da Deputación, contándose desde a dita data o prazo máximo establecido para resolver e notificar a resolución expresa da solicitude.

A subvención solicitada concederase sen comparación con outras solicitudes, sempre que se cumpran os requisitos que resulten esixibles.

2.—As subvencións poderanse conceder de forma directa nos seguintes casos:

a.—Cando así veña determinado por unha norma con rango de lei.

b.—Cando existan razóns de emerxencia ou de urxencia debidamente acreditadas, ou en situacións nas que non sexa posible seguir o procedemento de concorrencia competitiva, debendo xustificarse a citada imposibilidade no expediente.

c.—Cando existan razóns e se acrediten no expediente, de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.



d.—Cando a subvención non supere o importe que se determine nas bases de execución do orzamento.

e.—Cando se trate de finalidades subvencionables que só realizan ou poden realizar, no ámbito provincial, unha ou un número reducido de persoas ou entidades, de tal xeito que fagan innecesario seguir o procedemento de concorrencia competitiva.

f.—Cando estean consignadas con carácter nominativo no orzamento. O detalle destas subvencións poderase recoller como anexo as bases de execución do orzamento.

3.—Cando se trate de subvencións para conceder directamente por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, a solicitude deberá cumprir os requisitos esixidos con carácter xeral nesta ordenanza, indicar o importe da subvención ou a axuda que se solicita e a súa finalidade, xunto cunha memoria descritiva da actividade para a que se solicita e o seu orzamento, indicando os distintos conceptos de gastos, con detalle de unidades, prezos unitarios e IVE. Así mesmo, indicaranse os conceptos de ingresos, os importes e os suxeitos que os realizarán.

O órgano instrutor emitirá un informe motivado que acredite a existencia real das razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, para xustificar debidamente o procedemento de concesión.

4.—As subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral da Deputación faranas efectivas nos seus propios termos os órganos aos que lles corresponde a execución das aplicacións orzamentarias en que estivesen consignadas, segundo o establecido nas bases de execución do Orzamento xeral da Deputación.

O feito de que as subvencións estean consignadas nominativamente no orzamento non significa que a posible persoa beneficiaria teña acreditado un dereito consolidado á súa percepción, senón unicamente á expectativa xurídica de obter un máximo de subvención, cuxas contía e condicións se precisarán a través da adopción do convenio, do acordo ou da resolución pertinente.

#### CAPÍTULO IV

#### PROCEDEMENTO DE XESTIÓN, XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

##### *Artigo 23. Gastos subvencionables*

1.—Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da finalidade subvencionada e se realicen no prazo establecido.



2.—Non se considerarán gastos subvencionables os realizados fóra do período de execución salvo que nas bases reguladoras, tendo en conta a natureza da finalidade e outras circunstancias existentes, se admita a imputación dos gastos necesarios previos á concesión.

3.—Non se concederá subvención ningunha ata tanto non se xustifiquen axeitadamente subvencións anteriores pagadas antes de presentar a xustificación.

4.—O importe das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas supere o custo da finalidade a desenvolver polo beneficiario.

5.—En ningún caso se admitirán gastos cuxos prezos sexan superiores aos de mercado.

6.—Salvo disposición expresa en contrario poderase considerar como gasto subvencionable o gasto feito e xustificado, aínda que non estea pagado antes da presentación da xustificación, sempre que se pague no prazo máximo dun mes dende que se lle pague a subvención á persoa beneficiaria. Este aspecto comprobarase cando se faga o control financeiro.

7.—Non se considerarán gastos subvencionables os gastos que, superando o importe que se fixe nas bases reguladoras da convocatoria, non se paguen por medio de entidade financeira. Así mesmo, cando se trate de persoas beneficiarias que non conten con contabilidade, tampouco se considerarán subvencionable os gastos que non se paguen por medio de entidade financeira.

8.—Nas bases reguladoras poderanse establecer as condicións para que se poida considerar como gastos subvencionables: as amortizacións de bens inventariables, os gastos financeiros, asesoría xurídica ou financeira, notariais e rexistrais, periciais, xuros e outros.

9.—Non se poderá conceder máis dunha subvención, para a mesma persoa beneficiaria e a mesma finalidade, con cargo a créditos desta Deputación e os seus organismos dependentes, salvo en casos especiais para os concellos.

10.—O importe das subvencións non poderá superar o 50 % do custo da finalidade que se subvenciona cando a persoa beneficiaria teña natureza xurídica privada con ánimo de lucro, salvo casos especiais debidamente acreditados, nos que por razóns de interese público, económico ou social da provincia se poida conceder unha porcentaxe superior. No caso de que a finalidade para a que se solicita a subvención conte con subvención doutra/s administración/s só se poderá subvencionar a parte que reste ata acadar o 50 por cento entre todas as subvencións.





11.—Non se admitirán como subvencionables os gastos de manutención nin os de quilometraxe, salvo que o centro xestor do gasto especifique a súa necesidade e adecuación á finalidade que se pretende subvencionar, caso no que se deberán especificarse detalladamente os gastos polos devanditos conceptos.

12.—No caso de que se subvencionen actividades non profesionais servirá de xustificante o “Recibín”, no que se acredite a identificación da persoa beneficiaria da subvención e do suxeito que desempeña a actividade, concepto, data, importe e que se realizou, no caso de ser procedente, a correspondente retención fiscal.

13.—Os tributos son gastos subvencionables cando a persoa beneficiaria da subvención os aboa de maneira efectiva. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

14.—A persoa ou entidade beneficiaria debe imputar os custos indirectos á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda, de acordo cos principios e as normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que os devanditos custos correspondan ao período no que efectivamente leva a cabo a actividade.

15.—A persoa ou entidade beneficiaria de subvencións poderá subcontratar a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención, de conformidade co previsto na normativa de subvencións.

#### *Artigo 24. Xustificación das subvencións*

1.—A xustificación do cumprimento da finalidade, da consecución dos obxectivos, da aplicación dos fondos e das demais obrigas impostas coa cesión da subvención, farase de conformidade co que se estableza nas bases reguladoras da convocatoria, nas que se deberán ter en conta as normas seguintes:

##### *A.—Xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención:*

a.—Memoria explicativa e detallada da realización da finalidade, con expresa mención dos resultados obtidos (comprensiva no seu caso do programa, cartel anunciador, fotografías e demais documentación gráfica elaborada en/ou para o desenvolvemento do proxecto ou actividade subvencionada).

b.—Acreditación do cumprimento de dar difusión ao financiamento obtido.

c.—Xustificación do cumprimento doutras obrigas impostas.



d.—Se fose posible, indicación de se se cumpriron os obxectivos propostos.

*B.—Xustificación dos gastos:*

a.—Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo (identificando: acredor e documento, importe, data de emisión e, se é posible, data na que se pagou; información, no seu caso, das desviacións con relación ao orzamento que serviu de base á concesión).

b.—Xustificación con facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos debidamente conformadas (co “Recibín” da persoa beneficiaria da subvención e o selo do acredor; este último se fose posible), polo importe da subvención concedida (se así se establece nas bases ou normativa reguladora); indicando para cada factura ou documento análogo: o número de unidades, o prezo unitario destas e o custo total de cada unidade, excepto no caso previsto no apartado “d” para as administracións públicas, no caso contrario non será considerado como gasto subvencionable.

c.—Declaración responsable de que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade subvencionada. Así mesmo, indicárase que o resto de xustificantes da conta se encontran no domicilio da persoa beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame.

d.—No caso de administracións públicas (no caso de subvención para actividades) poderase aceptar a certificación do/da secretario/a ou interventor/a (ou funcionario/a competente) acreditativa de que os gastos cuxo detalle figura na conta xustificativa son reais, se aplicaron á finalidade subvencionada e foron aprobados polo órgano competente, quedando a disposición da Deputación para o seu exame e, se considera oportuno, os xustificantes correspondentes.

e.—No caso de investimentos será preciso presentar a certificación de obra ou factura e certificado da súa aprobación por parte do órgano competente. As certificacións e facturas deberán conter os requisitos que lle dan validez e ser informados polos técnicos ou técnicas provinciais. Só en casos especiais debidamente xustificadas se admitirá certificación cuxa porcentaxe de gastos xerais sexa superior ao 13 % e cuxa porcentaxe de beneficio industrial sexa superior ao 6 %. Se as obras a realiza unha administración cumprirá achegar á certificación a xustificación de todos os gastos que se relacionan na certificación e o informe das/dos técnicas/técnicos provinciais, no que se acreditará que a obra está realizada de conformidade co orzamento ou proxecto que lle serviu de base (no caso de tratarse de administracións públicas poderase aplicar o previsto no apartado “d” para xustificar os gastos que se relacionan na certificación). Estes requisitos deberán cumprirse para todo tipo de subvencións. Outros aspectos de detalle poderán regularse nas bases da convocatoria.



f.—Cando a subvención teña por obxecto o financiamento da actividade xeral de institucións ou entidades (deportivas e outras) será necesario:

a.—Conta xustificativa na que se relacionarán os conceptos de gastos por importe igual ou superior á subvención concedida pola Deputación e mais as solicitadas e as recibidas doutras entidades públicas. Os xustificantes destes gastos estarán a disposición da Deputación Provincial.

b.—Xustificación con facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos debidamente conformadas (co “recibía” da persoa beneficiaria da subvención e o selo do acredor, este último se fose posible), polo importe da subvención concedida, declarando que esas facturas non se utilizaron para xustificar outras subvencións e se se utilizaron parcialmente indicárase a porcentaxe.

c.—Relación das subvencións obtidas para a mesma finalidade, debendo identificar a entidade que as concede e o seu importe.

d.—Xustificación ou certificado acreditativo da toma de razón na contabilidade da persoa beneficiaria, se fose posible.

e.—Outros aspectos poderán regularse nas bases da convocatoria (poderase pedir unha memoria de actividade e as contas, no caso dunha entidade ou institución suxeita á contabilidade da empresa privada: balance de situación, conta de resultados, informe de auditoría se é obrigatoria ou si se efectuou; no caso dun ente público poderase pedir a liquidación do orzamento, etc.).

g.—Cando se subvencione a adquisición dun inmovible esixírase: informe do/da técnico/a provincial competente sobre o valor do inmovible e copia da escritura correspondente.

h.—En casos especiais, debidamente acreditados, poderase admitir como xustificación:

a.—En todo caso, que a finalidade subvencionada se realizou axeitadamente.

b.—Xustificación con facturas, só o importe subvencionado.

### *C.—Xustificación dos ingresos:*

a.—Detalle do financiamento obtido para a finalidade subvencionada (indicando entidades, organismos, particulares, etc.).

b.—Financiamento propio.



c.—Declaración responsable de que os ingresos ou recursos alleos obtidos non superan o custo ou gastos da finalidade subvencionada, agás no caso de financiamento da actividade xeral das persoas ou entidades beneficiaria

2.—Outras normas a ter en conta na xustificación:

a.—Para a xustificación de subvencións para gastos correntes (Capítulo IV) de máis de 18.000 euros e subvencións de capital (Capítulo VII) de máis de 3.000 euros sempre se deben achegar os certificados de cumprimento das obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma) e coa Seguridade Social e de non ter débedas coa Deputación, agás para as outorgadas a administracións públicas. O cumprimento destas obrigacións debe recollerse no informe de xustificación do servizo que tramita a subvención.

b.—No caso de presentación incompleta ou defectuosa da xustificación a persoa beneficiaria só terá un único período de emenda de dez días.

c.—Cando a subvención se conceda como consecuencia da concorrencia dunha situación específica de persoa ou entidade beneficiaria, requirirase a acreditación, por calquera medio admisible en dereito, de devandita situación, con carácter previo á concesión. No caso de que esa situación se teña que manter no tempo, poderá considerarse o establecemento doutro tipo de controis para verificar a continuidade da situación aludida.

d.—O incumprimento das obrigacións de xustificación levará consigo a perda da subvención e no caso de pago anticipado iniciárase o procedemento de reintegro.

e.—No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100% do orzamento subvencionado aboarase a parte proporcional da subvención.

#### *Artigo 25. Prazo de xustificación*

1.—A presentación de todos e cada un dos elementos integrantes da conta xustificativa deberá realizarse, como máximo, no prazo de tres meses desde a finalización do prazo para a realización da finalidade, salvo que nas bases reguladoras ou nos actos de concesión se fixen prazos distintos.

2.—A Deputación Provincial poderá conceder, de oficio ou a petición das persoas interesadas, unha ampliación dos prazos establecidos, sempre que non exceda da metade destes e con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

3.—Se a persoa beneficiaria non cumpriu a obrigación de dar publicidade do financiamento provincial da finalidade concederase un prazo improrrogable de quince días para que o faga.



Se, finalizado o prazo, non se presenta a xustificación, requirirase de forma inmediata á persoa beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días, podendo suceder:

a.—Que se presente e se acredite que se realizou a difusión no prazo inicialmente establecido.

b.—Que se achegue a documentación esixida e se acredite que as medidas de difusión se realizaron no prazo do requirimento; neste suposto aplicarase o disposto na presente Ordenanza sobre deducións sobre o importe da subvención por incumprimentos.

c.—Se transcorrido este prazo se mantivese o incumprimento da obrigaçión de difusión a dedución elevaríase na porcentaxe establecida na presente Ordenanza. Estas deducións serán acumulativas.

d.—Se non se presenta neste prazo causará a iniciación do expediente de perda do dereito ao cobro da subvención e, no caso de pago anticipado, iniciarase o procedemento de reintegro.

#### *CAPÍTULO V. Procedemento de xestión orzamentaria*

##### *Artigo 26. Procedemento para a aprobación da xustificación*

1.—Presentada a documentación esixida, a unidade administrativa que corresponda, emitirá informe no que se especifique:

a.—Se a conta xustificativa e demais obrigaçións establecidas á persoa beneficiaria foron presentadas e documentadas en prazo.

b.—Se a xustificación presentada acredita que a finalidade foi realizada en prazo e se cumpre o fin para o cal se concedeu a subvención e que os fondos da subvención se aplicaron á finalidade subvencionada.

2.—A documentación xustificativa, xunto cos informes correspondentes, será remitida ao órgano interventor para a súa fiscalización.

3.—Non en tanto, correspóndelle ao/á presidente/a ou órgano delegado, a aprobación da xustificación da subvención.

##### *Artigo 27. Procedemento de pago*

1.—O pago das subvencións farase unha vez se aprobe a xustificación e en casos especiais debidamente xustificadas poderanse facer pagos a conta ou anticipados.



2.—No caso de pagos anticipados ou á conta deberanse seguir as seguintes normas:

a.—Poderanse efectuar pagos a conta, a medida que se vaian presentando xustificantes de parte da finalidade levada a cabo se así está previsto nas normas reguladoras (bases, acordos ou resolucións de concesión, convenios, etc.).

b.—O suposto do pago anticipado da subvención deberá estar autorizado polas bases específicas ou no acto de concesión, e procederá nos termos previstos nas bases de execución do orzamento.

c.—Nos casos de pagos a conta ou de pagos anticipados poderán esixirse garantías ás persoas perceptoras para asegurar que se efectúa a totalidade da finalidade subvencionada e que se cumpren os obxectivos da subvención.

3.—Cando a persoa ou entidade beneficiaria teña débedas coa Deputación poderá efectuarse a compensación do pago da subvención coas súas débedas, de acordo co procedemento legalmente establecido.

#### *Artigo 28. Deducións sobre o importe das subvencións por incumprimento de obrigas*

1.—Nas bases reguladoras poderanse establecer deducións polos seguintes motivos e contías:

a.—A falta de presentación da documentación xustificativa, en calquera dos prazos inicialmente establecidos, dará lugar a unha dedución de ata o 20% da contía concedida.

b.—A falta de presentación da xustificación no prazo do requirimento dará lugar á perda total do dereito ao cobro da subvención.

c.—O incumprimento da obriga de difundir a subvención concedida no prazo establecido inicialmente dará lugar a unha dedución do 5% da contía concedida.

d.—O incumprimento da obriga de difundir a subvención concedida no prazo do requirimento dará lugar a unha dedución de entre o 10% e o 20% da contía concedida.

2.—Para a imposición destas deducións non fará falta tramitar un procedemento especial distinto ao da xustificación da subvención, podendo suceder:

a.—Subvención prepagable, iniciarase o procedemento de reintegro do total ou parcial, segundo corresponda.

b.—Subvención pospagable, farase o pago da subvención descontando o importe da/s dedución/s.



*TÍTULO II. Do reintegro de subvencions**CAPÍTULO I. Do reintegro**Artigo 29. Reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención*

1.—Como o pago das subvencions se fai unha vez se xustifican o reintegro só procederá cando as causas do reintegro sexan posteriores ao pagamento destas. Se as causas se producen en momento anterior ao pago dará lugar á perda total ou parcial do dereito a cobrar a subvención.

2.—Producirase a perda do dereito ao cobro da subvención, total ou parcial, no suposto de falta de xustificación ou de concurrencia dalgunha das causas previstas na lexislación de subvencions e, en concreto, nos seguintes supostos:

- a.—Incumprimento das obrigacións establecidas con motivo da concesión da subvención.
- b.—Incumprimento das obrigacións de xustificación.
- c.—Incumprimento da obrigación de adoptar medidas de difusión do financiamento público recibida.
- d.—Demais causas establecidas na normativa de subvencions.

3.—O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o regulado na normativa de subvencions e no réxime xurídico xeral, debendo cumprir os seguintes trámites:

- a.—Acordo de inicio
- b.—Notificación con alegacións e reclamacións
- c.—Resolución de alegacións, se as houberse, e acordo definitivo
- d.—Notificación con indicación de recursos

*Artigo 30. Procedemento de reintegro das subvencions*

1.—Procederá o reintegro das subvencions tras a declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación da resolución de concesión, así como cando medie calquera das causas previstas no réxime xurídico das subvencions.

2.—O órgano competente para o outorgamento da subvención tamén o é para a tramitación do correspondente expediente de reintegro.



3.—O procedemento iníciase de oficio por acordo do órgano competente, debendo recoñecer, en todo caso, as persoas interesadas o dereito a efectuaren alegacións, propoñer medios de proba e o preceptivo trámite de audiencia previo á proposta de resolución.

4.—O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de 12 meses desde a data do acordo de iniciación. O devandito prazo poderá suspenderse e ampliarse de acordo co previsto na lexislación que regula o réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se transcorre o prazo para resolver sen que se notifique resolución expresa producirase a caducidade do procedemento, sen prexuízo de continuar as actuacións ata a súa terminación e sen que se considere interrompida a prescrición polas actuacións realizadas ata a finalización do citado prazo.

5.—Se como consecuencia de reorganizacións administrativas se modifica a denominación do órgano concedente, ou a competencia para a concesión das subvencións da liña ou programa se lle atribúe a outro órgano, a competencia para acordar a resolución e o reintegro corresponderalle ao órgano que sexa titular do programa ou liña de subvencións no momento de adoptarse o acordo de reintegro.

6.—A resolución de reintegro será notificada ao/o interesado/a con expresión dos recursos que procedan contra a mesma e indicándolle o lugar, forma e prazo para realizar o ingreso; advertíndolle que, no caso de non efectuar o reintegro en prazo, se aplicará procedemento de recadación en vía de prema ou, nos casos que sexa pertinente, de compensación.

### *TÍTULO III. Do control financeiro*

#### *Artigo 31. Control financeiro*

1.—O control financeiro de subvencións exercerase respecto das persoas beneficiarias e, no seu caso, entidades colaboradoras por razón das subvencións da Deputación e organismos e entidades vinculados ou dela dependentes, outorgadas con cargo aos orzamentos xerais da Deputación.

2.—O órgano interventor, mediante técnicas de mostraxe, durante o prazo de catro anos, a contar desde o pago da subvención, poderá comprobar a realización da finalidade subvencionada, a efectiva aplicación dos fondos á súa realización e o cumprimento das demais obrigas que implica a concesión da subvención, para o que poderá levar a cabo as actuacións previstas na normativa de subvencións, así como o resto de normativa concordante, mediante o correspondente control financeiro.

3.—Este control terá por obxecto verificar:





a.—A adecuada e correcta obtención das subvencións por parte das entidades e persoas beneficiarias.

b.—O cumprimento por parte das persoas beneficiarias e entidades colaboradoras das obrigas de xestión e aplicación das subvencións.

c.—A adecuada e correcta xustificación das subvencións e a consecución dos obxectos das subvencións.

d.—A realidade e regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada polas entidades e persoas beneficiarias e colaboradoras, foron financiadas coa subvención.

e.—O adecuado financiamento das actividades subvencionadas.

f.—A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración por parte dos beneficiarios, que poidan afectar á correcta obtención, utilización, gozo ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións por ela financiadas.

4.—As actuacións de control consistirán en:

a.—O exame de rexistros contables e estados financeiros que a soporten.

b.—Operacións relacionadas ou que afecten ás subvencións concedidas.

c.—A comprobación de aspectos parciais e concretos dunha serie de actos relacionados con elas.

d.—A comprobación material dos investimentos financiados.

e.—As actuacións concretas de control que se deban realizar conforme á normativa reguladora.

f.—Calquera outra comprobación que resulte necesaria.

5.—A persoas beneficiarias de subvencións, obxecto de control financeiro deberán de dispoñer da seguinte documentación:

a.—Estatutos da Entidade, no caso de non dispoñer deles na Deputación.

b.—Libro de rexistro de socios/as actualizado.

c.—Libros de rexistro de bens e dereitos inventariables.



d.—Libro de actas, no que se verificará a de aprobación dos orzamentos, co detalle de ingresos e gastos, ou o seu resumo, e contas anuais, detallando o balance e conta de resultados, do exercicio obxecto do traballo,

e.—Facturas orixinais, ou calquera outro xustificante, dos gastos incluídos na relación clasificada de gastos da subvención (certificacións, recibos, nóminas, TC1/TC2).

f.—Acreditación documental do pago dos gastos subvencionados: extracto bancario dos movementos dos fondos realizados no ano ao que se refire a subvención e no seguinte.

g.—No caso de que financie unha obra, proxecto técnico correspondente, licenza municipal, certificacións de obra, certificados de fin de obra, e título de propiedade.

h.—No caso de que se financie a compra de bens inmobles, certificación da inscrición rexistral a nome da entidade e constancia da afección do inmovible a finalidade para que foi concedida a subvención.

i.—No caso de realizar actividades ou investimentos de calquera tipo en dependencias cedidas temporal ou indefinidamente á entidade, deberá xustificar documentalmente que o ente titular ten constancia dos investimentos realizados neles, e os autoriza.

j.—Rexistros contables dos xustificantes que figuren na conta xustificativa.

k.—Rexistro contable da subvención, e do ingreso da subvención na conta bancaria do beneficiario.

l.—No caso de percibir outras axudas de entidades públicas deberá remitir o acordo da súa concesión así como copia da conta xustificativa presentada ante a respectiva institución publica para percibila.

m.—Relación de patrocinadores ou colaboradores indicando a achega de diñeiro ou en especie recibida e a súa correspondente xustificación documental.

n.—No seu caso, modelos fiscais do IRPF, IVE, Imposto de Sociedades e Volume Anual de Operacións.

o.—Medios empregados para dar publicidade ao obxecto da subvención.

6.—As obrigas contables dos beneficiarios serán as seguintes:

a.—As entidades beneficiarias das subvencións deberán levar unha contabilidade conforme á lexislación sectorial que lles corresponda.



b.—En todo caso, deberán levar un libro de ingresos e gastos, ou documento similar, que permita verificar o rexistro dos gastos que se presentan como xustificación das actividades ou investimentos realizados, así como dos ingresos obtidos.

c.—Os efectos de aprobación de contas anuais, no caso de non dispoñer dunha contabilidade adaptada ao plan sectorial correspondente, deben constar as existencias iniciais de tesourería, ás que, sumado os ingresos e deducidos os gastos do período, deberá dar as existencias finais do exercicio cuxas contas se aproban.

d.—En todos os casos, tanto os orzamentos coma as contas anuais que se presenten deberán ser aprobadas polo órgano estatutario competente, constando en acta o resumo dos ingresos e gastos aprobados.

#### *TÍTULO IV. Réxime sancionador*

##### *Artigo 32. Réxime sancionador*

1.—O réxime sancionador será o previsto na normativa en vigor sobre subvencións.

2.—Correspóndelle á Presidencia da Corporación a competencia para impoñer as sancións, sen prexuízo das delegacións que poida efectuar na Xunta de Goberno Provincial, nalgún dos seus membros ou en calquera outro/a deputado/a.

3.—Ao notificarse a resolución pola que se inicie o expediente, indicarse o órgano competente para a súa resolución e a norma que lle atribúa tal competencia.

##### *Disposición transitoria*

Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor da presente Ordenanza rexeranse pola normativa que no seu momento lle era de aplicación. Considerarase que un procedemento se iniciou cando se aprobaron as bases da convocatoria no réxime de concorrencia competitiva ou cando se ditou o acto de concesión directa.

##### *Disposición derogatoria*

Á entrada en vigor desta Ordenanza quedan derogadas todas as disposicións ditadas polos distintos órganos da Deputación que contradigan ou se opoñan a ela.



*Disposición final primeira. Desenvolvemento normativo da Ordenanza*

As normas contidas nesta Ordenanza poden ser desenvolvidas a través das bases de execución do orzamento de cada exercicio, das bases específicas das distintas convocatorias ou dos actos ou acordos dos distintos órganos de goberno da Deputación.

*Disposición final segunda. Entrada en vigor*

A presente Ordenanza xeral, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, entrará en vigor cando se publique integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorran os prazos previstos na lexislación de réxime local.

O que se fai público para coñecemento xeneral

Pontevedra, 23 de decembro de 2016.—A presidenta, María del Carmen Silva Rego.—O secretario, Carlos Cuadrado Romay.

